A hidroeléctrica de Landoi: ben a protexer A demolición da infraestrutura hidroeléctrica situada en Landoi, con cento vinte anos de existencia, supón unha perda irreversible da historia e de entender a evolución da vila de Cariño na primeira metade do século XX. Polo que se trata dun ben que debe ser protexido e non demolido. Así o considerou o concello de Cariño, que está modificando o catálogo de bens protexidos do Plan Xeral de Ordenación Municipal, pendente da aprobación inicial, no que se inclúe a central hidroeléctrica de Landoi. Ademais non existen razóns para a demolición pois o aproveitamento hidroeléctrico é inocuo para o medio ambiente, polo tipo de materiais cos que está construído: formigón e ferro. Así se recoñece no propio proxecto de derrubo onde, na páxina 51, se declara que a represa está moi naturalizada (tanto que non é posible distinguir os seus elementos dos elementos naturais do río) e que ademais os seus materiais ao seren inertes, como o formigón, non causan dano ao medio ambiente. Ademais tamén recoñece a naturalización, páxinas 27 e 28, nos outros elementos do aproveitamento. Zona de especial protección de valores ambientais. Por outra banda, o ámbito, no que se sitúa o aproveitamento hidroeléctrico, posúe uns elevados e recoñecidos valores medioambientais por conter, entre outras singularidades, vexetación endémica e en alto perigo de extinción e particularmente fentos relictos do Terciario, con máis de sesenta e cinco millóns de anos. No proxecto de derrubo menciónase que están presentes os fentos *Woodwardia radicans*, *Trichomanes speciosum* e *Vandenboschia speciosa*, que se atopan en estado vulnerable, e tamén os fentos *Culcita macrocarpa* e *Hymenophyllum wilsonii* (*Hymenophyllum wilsonii hook*) que se atopan en perigo de extinción segundo o último Catálogo Galego de Especies Ameazadas. A singularidade medioambiental da zona foi recoñecida no seu día polo Plan Xeral de Cariño (PXOM), aprobado o 17 de Febreiro de 2000, ao cualificar todo o ámbito como “solo rústico de protección medioambiental”. E así mesmo foi admitida a nivel Europeo ao incluírense parte das infraestruturas na rede Natura 2000.

Tamén se recoñece esta protección europea no mesmo proxecto de derrubo indicando, na páxina 44, que o río Forte e o río Landoi están incluídos no LIC Costa Ártabra (LIC pertencente á Rede Natura 2000). Porén, aínda que indican que so está incluído o azude en dito ámbito de protección, na realidade, despois de acudir ao visor da Xunta de Galicia <https://mapas.xunta.gal/visores/basico/>, resulta que tamén a casa de máquinas está incluída na Rede Natura 2000. Danos inevitables ao medio ambiente. Con independencia de que parte das infraestruturas estean ou non na Rede Natura 2000, a realidade é que en toda a zona existe vexetación protexida, e que está en directo contacto cos elementos que conforman o aproveitamento hidroeléctrico. Isto mesmo contéplao, na páxina 24, o proxecto de derrubo, indicando que despois de varias visitas ás instalacións observáronse os fentos protexidos en zonas “aledañas” ás instalacións. Precisamente á hora de planear a execución dos traballos de derrubo no proxecto (páxina 38) declárase que un dos condicionantes técnicos máis importantes

*son os accesos con maquinaria aos distintos compoñentes do aproveitamento hidroeléctrico. Isto é debido a que a realización deses accesos supón pasar por riba (eliminar) da vexetación protexida. A pesar de ser conscientes da afectación e eliminación de especies protexidas, no orzamento de execución material do proxecto contéplase, páxina 406, a roza duns 2.525 m<sup>2</sup> (eliminando plantas, cepos...) e a adecuación nuns 4,915 m<sup>2</sup>, para a apertura de accesos para maquinaria de obra, indicando que se evitará... ¡”en la medida de lo posible la afeción a las especies amenazadas existentes”! Por tanto no mesmo proxecto recoñécese que é inevitable, coas obras de derrubo que se pretenden, non danar gravemente á vexetación protexida, non so no proceso de derrubo se non tamén nos traballos previos de apertura de accesos, nos que se afectará unha grande superficie, duns 5.000m<sup>2</sup>. Procede por tanto que se paralice e archive dito expediente. Acordo: Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes*

**ACORDOS:**

*1.- Que se recoñeza a importancia patrimonial para Cariño da central eléctrica de Landoi, construída hai uns 120 anos (sobre 1906) pola sociedade Eléctrica Ortegana, pola súa influencia no desenvolvemento da industria conserveira de Cariño.*

*2.- Que, se continúe co trámite de aprobación do catálogo de bens do PXOM, adxudicado en 2018 á empresa Oficina de Planeamiento S. A., no que se inclúa definitivamente a Central eléctrica de Landoi.*

*3.- Que, no seu día, non se chegue a outorgar, por parte do Concello, licenza ao proxecto “Proxecto de demolición das infraestruturas de retención, así como das asociadas ao aproveitamento hidroeléctrico de Landoi, no río Forte, concello de Cariño (A Coruña) (clave15/055/1)”, publicado no DOG núm. 30, do día 13 de febreiro de 2026, por parte de Augas de Galicia,*

*4.- Que se notifique a Augas de Galicia a posición contraria do concello de Cariño á demolición, polas razóns antes expostas, indicándolle así mesmo que o Concello non outorgará licenza ao proxecto de demolición. non tamén nos traballos previos de apertura de accesos, nos que se afectará unha grande superficie, duns 5.000m<sup>2</sup>.*

Explica Pablo Fraguela a moción.

Ana López cre que o que se expón na moción que é bo para Cariño, tratar de conservar este tipo de construcións e a natureza que alí hai, e que queren plantexar esse tema em Augas de Galicia.

Jonathan Miranda explica que Augas de Galicia que pedía á empresa que volvera o espazo á súa situación natural, co fin de conservar esse patrimonio. Que está en zona de rede natura e que debería de quedar como estaba.

Pablo Fraguela fai constar que existe un erro na parte dispositiva da moción, punto segundo, xa que o catálogo de bens do PXOM foi adxudicado no ano 2018 (e non no 1918) á empresa Oficina de Planeamiento S.A.

O Pleno corporativo por unanimidade dos membros presentes

**ACORDA:**

1.- Que se recoñeza a importancia patrimonial para Cariño da central eléctrica de Landoi, construída hai uns 120 anos (sobre 1906) pola sociedade Eléctrica Ortégana, pola súa influencia no desenvolvemento da industria conserveira de Cariño.

2.- Que, se continúe co trámite de aprobación do catálogo de bens do PXOM, adxudicado en 2018 á empresa Oficina de Planeamiento S. A., no que se inclúa definitivamente a Central eléctrica de Landoi.

3.- Que, no seu día, non se chegue a outorgar, por parte do Concello, licenza ao proxecto “Proxecto de demolición das infraestruturas de retención, así como das asociadas ao aproveitamento hidroeléctrico de Landoi, no río Forte, concello de Cariño (A Coruña) (clave15/055/1)”, publicado no DOG núm. 30, do día 13 de febreiro de 2026, por parte de Augas de Galicia,

4.- Que se notifique a Augas de Galicia a posición contraria do concello de Cariño á demolición, polas razóns antes expostas, indicándolle así mesmo que o Concello non outorgará licenza ao proxecto de demolición. non tamén nos traballos previos de apertura de accesos, nos que se afectará unha grande superficie, duns 5.000m<sup>2</sup>.

**5.2.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG (2026/319, DE 22/03/2026) RELATIVA AO RESTABLECEMENTO DA NEGOCIACIÓN COS TRABALLADORES PARA A APROBACIÓN DA RPT(EXPDTE 2026/X006/000040)**

*Exposición de motivos:*

*Unha administración pública non debería ter xente traballando polo salario mínimo, tanto pola calidade do servizo que prestan como polo dereito dos traballadores de ter unha remuneración xusta. As administracións públicas deberían de servir como exemplo. Un dos dereitos que teñen os empregados públicos e que se reflicten, entre outras normas na Lei 2/2015 do emprego público de Galiza, é o da negociación colectiva e a participación, a través dos órganos de representación do persoal, na determinación das condicións de emprego. Entendemos que nesta situación non se respecta este dereito, que se reflicte no artigo 3 da mencionada norma autonómica, e na que as entidades locais galegas forman parte do seu ámbito de aplicación. Xa pasou moito tempo desde a sentenza que di que o concello de Cariño non actuou de acordo coas regras da boa fe, para proceder á aprobación da RPT como obriga ineludible. Esta sentenza declara a obriga do Concello de Cariño de convocar a mesa de negociación para a elaboración e aprobación da RPT. Ante a non convocatoria de mesas de negociación, en febreiro de 2024 a CIG solicitou unha execución forzosa da sentenza de 2022. Nesa execución forzosa da sentenza, dictada o 17 de xuño de 2024, a xuíza dá-lle 3 meses para negociar e aprobar a RPT.*

*Logo de non convocar ningunha mesa de negociación nese tempo, e ante a imposición de multas coercitivas, a alcaldesa convocou 2 mesas de negociación en decembro de 2024, para facer unha valoración de 6 postos de traballo. As mesas celebráronse o 5 de marzo e o 7 de maio de 2025. Nesta última, entre outras cousas, chegouse ao acordo de que o persoal funcionario e laboral tiveran a mesma estrutura e as retribucións fosen calculadas pola mesma táboa. Desde o 7 de maio non houbo máis mesas de negociación, só se lles pediu aos representantes sindicais que presentaran un documento que reflectise os acordos alcanzados ata ese momento en mesa de negociación. Entendemos necesaria, xa non só por acatar a mencionada sentenza se non polo bo funcionamento do Concello, a necesidade de darlle impulso dunha vez por todas a esta negociación. Os representantes dos traballadores deron un tempo prudencial para exixir o cumprimento de dita sentenza, pero a pasividade por parte do Concello volveu rexurdir. O papel do actual goberno, que debería ser de diálogo, o único que está é a empeorar o conflito entre os traballadores, e lonxe de ofrecer solucións está a agravar os problemas que xa viña tendo o Concello neste tema. Non se pode estar tanto tempo para aprobar unha RPT, debería chegarse a unha resolución canto antes, que permita reducir a brecha salarial existente entre os traballadores do Concello, unha xusta retribución por cada función desempeñada e a dignificación do posto de traballo, que permita que os servizos que presta o concello de Cariño á cidadanía sexan de calidade.*

*Acordo: Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción do seguinte*

**ACORDO:**

*1.- Que o goberno municipal presente na mesa de negociación, a proposta encargada á empresa Rodríguez & Viñals antes do vindeiro 17 de abril de 2026, na que se recolla:*

- As funcións e a valoración de cada posto de traballo.*
- O soldo, o complemento de destino e o complemento específico de cada posto de traballo.*
- A cantidade de persoal para cada posto de traballo.*
- O montante total de todas as retribucións salariais.*

*2.- Convocar de xeito inmediato a mesa de negociación para proceder a dita valoración.*

*3.- Que o goberno municipal se comprometa, após un acordo da mesa de negociación, a aprobar a nova RPT antes do remate do 2026, co obxectivo de incluír no orzamento para o ano 2027 os créditos necesarios para incluír os acordos de dita RPT.*

*Explica a moción Pablo Fraguela.*

A Alcaldesa comenta que están a traballar no tema da RPT, que están a valorar unha determinada documentación nos servizos económicos e coa empresa Viñals. E que cando esta semana se xuntaron para acordar os servizos mínimos da folga, que lles comunicou que em breve van a presentar ese documento.

Pablo Fraguela pide un compromiso e unha data, xa que os representantes sindicais levan escoitando ese argumento moito tempo.

A Alcaldesa dille que se reunirán en breve que van a votar en contra xa que se trata de um traballo que están a facer.

Andrés Balado comenta que están co tema, que están ao cen por cen implicados para que a RPT vaia para adiante, pero que non poden poñer unha data concreta.

Carlos Castro di que foi a moitas mesas de negociación, e que sempre se falaba que a RPT era para xa. Que en abril de 2024 que a Alcaldesa dixo que se ía a poñer en serio coa RPT, e que persoalmente ten a sensación que o traballo que se facía nas reunións que posteriormente non se arraxaba, que parecía que estaba feito a propósito para ralentizar o tema.

A Alcaldesa dille que ela cando estaba na oposición que pensaba o mesmo, e que pasaron dezaoto anos, e que se queren que o Concello vaia para adiante que vai haber cambios.

Andrés Balado insiste en que eles queren apoiar aos traballadores.

Pregunta Pablo Fraguela que se é tan inminente a presentación do documento que por qué non desconvocaron a folga.

Jonathan Miranda comenta que a RPT é un documento do ano 2019 que hai que actualizar, e que na última mesa soamente se tratou a modificación de seis postos de traballo, e que realmente ahí se falou de horarios do servizo de axuda no fogar, e non da RPT. E que, ademais, eses horarios, finalmente que non se negociaron.

A Alcaldesa dille que sí se negociaron pero que houbo que conxugar outros intereses.

Jonathan Miranda dille que os horarios os aplicou ela por Decreto.

A Alcaldesa explica que o servizo estaba a ser ameazado polas sancións da Xunta de Galicia, que se cambiaron os horarios e que agora as traballadoras non se queixan.

Carlos Castro comenta que se levou unha proposta de horarios á mesa que tiña moitos erros, e que a partir de ahí, que non houbo máis mesas, e que están a agardar outra mesa para que eses horarios se rectifiquen.

Jonathan Miranda tamén di que dende outubro hai presentada unha proposta de calendario laboral para o ano 2026, e que tampouco se negociou.

Andrés Balado di que eles cambiaron os horarios pensando nas necesidades dos usuarios, xa que os horarios non estaban ben.

Ana López comenta que se tratou de axustar ao máximo os horarios das traballadoras, respectando a lei.

O Pleno corporativo por cinco votos a favor dos grupos municipais do PsdGa-PSOE e BNG e catro votos en contra do grupo municipal do PP

**ACORDA:**

1.- Que o goberno municipal presente na mesa de negociación, a proposta encargada á empresa Rodríguez & Viñals antes do vindeiro 17 de abril de 2026, na que se recolla:

- As funcións e a valoración de cada posto de traballo.
- O soldo, o complemento de destino e o complemento específico de cada posto de traballo.

- A cantidade de persoal para cada posto de traballo.

- O montante total de todas as retribucións salariais.

2.- Convocar de xeito inmediato a mesa de negociación para proceder a dita valoración.

3.- Que o goberno municipal se comprometa, após un acordo da mesa de negociación, a aprobar a nova RPT antes do remate do 2026, co obxectivo de incluír no orzamento para o ano 2027 os créditos necesarios para incluír os acordos de dita RPT

## **6. ROGOS E PREGUNTAS.**

Pablo Fraguela formula os seguintes ROGOS E PREGUNTAS:

- Rogan que se retransmitan os plenos e amplificación de voz.

- Que se avance na revisión do PXOM e PEPRI.

- Que no último pleno comentaron que a semana seguinte virían os técnicos de Costas para ver o tema de Mar Cultura, pregunta se viñeron.

A Alcaldesa dille que ían a mirar como estaba a concesión xa que non o tiñan claro.

- Hai moitos meses do pleno do cambio de nomenclatura das rúas. Piden unha reunión o antes posible.

- Que a Alcaldía lle mande tamén un recordatorio á Xunta de Galicia para que formalice o cambio de nome do colexio de infantil e primaria.

- Con ocasión do cese do contrato de xardiñería, que hai discrepancias co ritmo de algúns traballos, como por exemplo, que as desfeitas ocasionadas polo xabarís que tardan en arranxarse.

A Alcaldesa dille que ese tema non é cuestión do xardiñeiro.

- Pregunta se houbo avances para deixar de pagar a extorsión que supoñen as taxas a Portos de Galicia.

A Alcaldesa di que non tiveron novas do tema.

-Pregunta pola situación da senda litoral que anunciou a Xunta de Galicia fai unhos meses.

A Alcaldesa explica que se trata de unha senda que vai polo litoral, dende o cemiterio de Sismundi cara a Ortigueira, e que transcorre pola zona de abaixo, que van a abrir ese tramo e que vai a ser peonil.

Pregunta Pablo Fraguela quen vai a asumir o mantemento da senda, ao que a Alcaldesa resposta que o Concello.

-No Decreto de Alcaldía no que se establecen os novos horarios do Servizo de axuda no fogar que se fala dos intentos de negociación. Indica que na última mesa de negociación que se acordou levar unha nova proposta de horarios con cambios, e que queren pedir unha mesa de negociación para acordar unhos horarios que satisfagan a todos.

-Con respecto á prórroga da obra do pavillón municipal, pregunta se se avanzou algo este mes.

A Alcaldesa dille que están a apretar á empresa para que así sexa, e que está na súa man apurar os prazos, e que intentarán que a empresa cumpra os prazos.

-Pregunta cando se levarán a cabo os arranxos dos parques infantís. Rogan que se revisen eses elementos, xa que existen riscos inmediatos para os cativos.

-Comenta que no pleno de novembro aprobouse unha moción (apoiada polo BNG e PSdGA) para que se licitara o Punto de Atención á Infancia, pregunta por esa licitación.

A Alcaldesa dille que non se fixo.

-Di que no mesmo pleno que se aprobou outra moción para licitar o servizo de axuda no fogar, co voto en contra do Partido popular. Pregunta en qué situación está.

A Alcaldesa explica que mentres non se aproben os orzamentos que non poden facer nada, e que coa implantación dos novos horarios, que se reduciu bastante a necesidade de acudir á empresa.

-Pregunta Pablo Fraguela se teñen pensando elaborar unhos novos orzamentos.

A Alcaldesa resposta que si, que o traballo resulta complicado, que os recursos non son moitos, e que isto ven da inactividade dos outros gobernos.

Carlos Castro pregunta que cando falan de que hai menos traballo para a empresa Osventos no SAF, se tamén ten que ver co número de usuarios.

A Alcaldesa di que non se dan novas altas xa que non hai traballadora social. E que coas traballadoras que hai, que terían que dar moitos máis servizos a máis usuarios.

Pregunta Carlos Castro con cantas prazas de traballadora social vai a contar o Concello, e cando se vai a cubrir.

A Alcaldesa resposta que hoxe se fixo a selección e que a administrativa que está a facer todo menos o que lle corresponde á traballadora social, e que os expedientes van para adiante, e que o propósito do Concello é dar novos servizos aos usuarios.

-Pregunta Pablo Fraguela pola árbore da igrexa da Pedra, se igrexa presentou comunicación previa para a súa tala. A Alcaldesa resposta que non.

-Comenta que fai dous anos que se aprobou unha moción que propoñía a elaboración dun catálogo de árbores senlleiras do Concello. Dille á Alcaldesa que dende o Concello se debe de velar para que o patrimonio natural se conserve.

-Rogan que se limite o uso da pasarela de madeira, debido ao seu mal estado, e que sexa retirada para que non haiba que lamentar unha desgraza.

A Alcaldesa dille que hoxe veu o técnico e que se vai a facer unha actuación nese sentido por parte de Costas.

-Que no último pleno se comentou a visita de persoal técnico da Xunta de Galicia ao centro de día, pregunta polo tema.

A Alcaldesa di que o arquitecto está a rematar e que mañá teñen outra visita ao centro para ver as instalacións do subministro.

Jonathan Miranda formula os seguintes ROGOS E PREGUNTAS:

-Roga que se retransmitan os plenos e que se traigan catro micrófonos.

-Roga que se actualicen as actas na páxina web.

-Que viron en prensa que os GES de Ortigueira que non traballan pola noite. Pregúntalles se faláron con alguén, xa que ante calquera problema, terían que vir os bombeiros das Pontes ou o GES de Mugar dos.

A Alcaldesa dille que se puxo en contacto co Alcalde de Ortigueira.

-Pregunta se houbo avances na moción que se trouxo a pleno, relativa á escola de idiomas.

A Alcaldesa comenta que tivo unha reunión e que lle explicou o director a forma de encaixar o tema, que hai que mirar como enfocalo e se é viable solicitala polo número de prazas.

-Pregunta pola moción do transporte público, xa que a Xunta de Galicia contestou que non se recibiu proposta por parte do Concello. Pregunta se se fixo algo.

A Alcaldesa resposta que non.

-Pregunta se se avanzou no tema da contratación dun arquitecto, e a Alcaldesa resposta que non.

-Que viron varias notas de prensa de reunións que se celebraron na Fegamp e na Delegación de goberno para planificar a seguridade e designar localizacións idóneas para ver o eclipse, entre outros aspectos. Pregunta se participaron nesas reunións e se están a traballar no tema.

A Alcaldesa comenta que faltan unhas datos que hai que mandarlles.

-Que hai un tempo que pediron un informe sobre a situación das obras do POS e que había unha obra que xa tiña todas as autorizacións, soamente estando pendente informe técnico. Pregúntalle se sabe se está feito o informe.

A Alcaldesa dille que por agora non.

-Que viron tamén que en outubro veu informe desfavorable sobre a reforma do campo de fútbol. Pregunta polo tema.

A Alcaldesa dille que chamaron esta semana á empresa e que non tiveron contestación.

-Que saíron varias convocatorias de subvencións que non solicitaron, por exemplo actuacións na rede viaria municipal e mellora dos servizos básicos en zonas rurais e tamén a subvención de Rede Natura.

A Alcaldesa explica que non se solicitaron debido a que o Concello ten que aportar cartos, e que hai outras necesidades. Pero que pediron unha subvención para mellorar os miradores.

A continuación, a Alcaldesa comenta que existe unha petición por parte da Asociación de Veciños do Concello de Cariño, dándolle a palabra á presidenta da mesma, que pasa a ler o seguinte escrito, que se reproduce de forma literal:

Eu, María del Carmen Villarnovo Anido, en calidade de presidenta da Asociación Veciñal do Concello de Cariño, solicito que conste en acta do pleno municipal que se celebre hoxe, 26 de marzo de 2026, o seguinte:

**EXPÓN:**

*Que o que hoxe se traslada a este Pleno non constitúe unha crítica política nin unha cuestión de opinión, senón unha constatación de que o Concello de Cariño non está a cumprir coa súa propia normativa na materia de información e participación veciñal, tal e como xa se puxo de manifesto en intervencións anteriores; o que supón unha situación de especial gravidade, xa que canado unha administración incumpre as normas que ela mesma aprobou e ten en vigor, estamos ante un problema serio de funcionamento institucional e de garantías democráticas.*

*Que a normativa municipal establece de maneira clara a obriga de facilitar a información sobre a xestión municipal, coordinar e facer seguimento das queixas e reclamacións da veciñanza e dar resposta ás iniciativas presentadas; obrigas que na práctica non están a cumprir, tal e como se evidencia na reiteración de intervencións en pleno e solicitudes polo rexistro que non recibe unha resposta esencial ou que, cando a reciben, limítanse a unhas manifestacións que se formulan de maneira inconcretas.*

*En canto o funcionamento deste órgano, para que serven estes plenos se as cuestións que aquí se expoñen non teñen resposta nin consecuencia práctica?*

*Que a realidade percibida pola veciñanza é que se está a falar contra unha parede, ou que non só resulta frustrante, senón profundamente preocupante, xa que mentres isto sucede no interior do pleno, no exterior existe unha realidade social incuestionable, con mobilizacións polo Centro de Día, manifestacións e folgas pola situación da Relación de Postos de Traballo e a recollida de máis de 1230 firmas por un Centro de Día e Residencia. Cal é a resposta do Concello a estas 1230 sinaturas? Onde está a información? Onde están os datos?*

*Que resulta imprescindible preguntar de maneira directa onde está o informe anunciado tras unha manifestación? Onde está o informe anterior realizado na lexislatura pasada? e que supuxo un custo económico importante para o Concello e a veciñanza e, porque non se pon estes documentos á disposición pública? Xa que a cidadanía ten dereito a coñecer a realidade, tanto para ben como para mal, evitando así especulacións e garantindo transparencia.*

*Que, a pesar de que a veciñanza se está mobilizando, participando e reclamando solucións, o Concello continúa sen ofrecer respostas claras, o que evidencia que esta situación non é un problema puntual de comunicación, senón un problema de falta de transparencia, de falta de respecto institucional e de falta de responsabilidade na xestión pública; xa que gobernar non pode consistir unicamente en afirmar que se está traballando ou trasladando a información que se explica con terceiros, aínda que se traballe con outros prazos e con resultados verificables.*

*Que, aínda coñecendo que existen actuacións en marcha, resulta evidente que son moitas as necesidades do municipio que continúan sen resposta, a pesar de ter sido aprobadas en pleno e formar parte dos programas electorais, o que leva a formular unha cuestión directa, a que se espera para atender a todas estas demandas? Van ofrecer explicacións reais resposta á veciñanza de Cariño sobre o que faltará na mesma liña ou a falta de información?*

*Que, en definitiva, a veciñanza está a expresar de maneira clara e reiterada a súa demanda de información e solucións, agardando respostas que ata o momento non se están a producir.*

*Por todo o exposto SOLICITA:*

*Que se proceda a dar respostas claras, concretas e documentadas ás cuestións formuladas.*

*Que se faciliten de maneira inmediata os informes existentes ou, no seu defecto, nos que se están a traballar.*

*Que se garantice o cumprimento efectivo das obrigas na materia de información e participación veciñal, adoptando as medidas necesarias para poñer fin á situación actual de falta de transparencia, resposta e rendición de contas ante a cidadanía.*



E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as vinte e unha horas e dez minutos.

A Alcaldesa

Asdo.- Ana M<sup>a</sup> Fernández López

A Secretaria

Asdo.- Alejandra Pardo Vázquez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE